

NOME CIENTÍFICO

Eucalyptus globulus

Descrición:

Árbore de folla perenne que pode medrar até os 30-50 metros de altura. A súa copa é oblonga e o seu tronco, moi recto. A cortiza adoita ser fina e lisa e se desprende en tiras deixando ao descuberto o tronco cincento. Moi pouco esixente coas súas necesidades ambientais.



144

As súas follas son disposición alterna. Ovaladas, coriáceas, pecioladas, de cor verde e de ata 30 cm de longo.

Familia: Myrtaceae

Orixe: Australia

Nome común: Eucalipto



145



147



146

As súas flores son solitarias e sésiles e se presentan dentro dunha cariósipide leñosa de forma piramidal.

O seu froito é unha cápsula duns 10x15 cm, cunha cuberta leñosa de catro caras.

Eucalyptus globulus

Hábitat

Habita dende zonas baixas e de litoral ata os 300 metros de altitude. Medra nunha grande variedade de terreos, preferentemente aqueles ben drenados. En Galicia o podemos atopar moi abundantemente na franxa costeira..

Usos ou propiedades

O seu cultivo en Galicia está moi ligado á obtención de pasta de celulosa (aínda que nun principio cultivouse como planta ornamental) dado o seu rápido crecemento e facilidade de cultivo na climatoloxía galega. A partir do seu néctar prodúcese un mel de boa calidade.

Categoría IUCN

Non avaliada (NE)

Curiosidades

É probablemente a especie arbórea máis controvertida de Galicia. A súa masificación ten unha serie de efectos negativos nos ecosistemas, entre os que destaca a súa avidez pola auga que pode chegar a desecar pozas e ríos próximos. O avó de Chavín (Viveiro) é un eucalipto de máis de 60 metros de altura o que o fai a árbore máis alta de Europa. Foi declarado no ano 2000 monumento natural.